

1. Para o envío de artigos ou calquera consulta sobre o seu contido usarase o correo electrónico do Comité Editorial de Gamma: <gamma@agapema.org>.
2. Os traballos presentados para a súa posible publicación deben ser orixinais e non estar en proceso de revisión ou publicación en ningunha outra revista. Admítense todo tipo de traballos: teóricos, divulgación, innovación didáctica, pasatempos...
3. No correo electrónico no que se adxunte o artigo deben indicarse os nomes e apelidos de todas as persoas autoras, o seu lugar de traballo, a súa dirección de correo electrónico e, opcionalmente, o seu usuario en redes sociais.
4. Á recepción do traballo enviarase un correo electrónico como acuse de recibo.
5. Os artigos remitidos para a súa publicación deben ter as seguintes características:
 - Enviaranse, a ser posible, no formato da plantilla L^AT_EX que se atopa na páxina web da revista.
 - De non ter coñecementos suficientes de L^AT_EX, tamén se aceptará en formato DOC ou ODT. En tal caso, usarase o tipo de letra Times New Roman a tamaño 11 e con interliñado simple, e para as expresións matemáticas empregárase o editor de ecuacións. De resultar este limitado para algunha expresión, incorporárase como imaxe.
 - Xunto co artigo remitírase un resumo (máximo 600 caracteres sen incluír espazos), unha tradución do mesmo e do título ao inglés, e ata cinco palabras chave xerarquizadas (en galego e en inglés).
 - As notas a pé de páxina deben ir numeradas correlativamente con superíndices ao longo do artigo, e incluíranse ao final do texto.
 - Os esquemas, debuxos, gráficas e imaxes serán enviados preferentemente en formato PNG ou PDF. Será tamén admisible o JPG, en particular para as fotografías, a unha resolución mínima de 300 ppp. Anexaranse ao correo electrónico, á parte do texto do artigo. Cada arquivo estará claramente identificado, e se ten que levar pé de ilustración reseñárase no documento onde corresponda.
 - As referencias bibliográficas disporanse ao final do artigo, por orde alfabética de apelidos e seguindo o estilo Harvard.
 - ▷ **Libros:** Apelidos, Inicial do nome (Ano de publicación): *Título do libro en cursiva*, Edición (de non ser a primeira), Lugar de publicación, Editorial.
Exemplo: Labranha, A. (2018): *O universo matemático*, Vigo, Edicións Xerais.
 - ▷ **Artigos de revistas:** Apelidos, Inicial do nome (Ano de publicación): “Título do artigo”, *Título da revista en cursiva*, Volume da revista (Número da revista), páxinas.
Exemplo: Somoza Sampayo, L. e M. Sampayo Yáñez (2014): “O xogo do Mancala”, *Gamma*, 14, pp. 21-27.
 - Todas as referencias bibliográficas deben corresponder a mencións feitas no texto.
6. Notificarase ás persoas interesadas a aceptación ou non do artigo, así como –en caso afirmativo– a posible data da súa publicación. Se a xuízo do Comité Editorial o traballo é publicable con modificacións, seralle devolto coas ditas observacións. A persoa autora deberá contestar se está de acordo cos cambios propostos, comprometéndose a enviar unha versión revisada, indicando os cambios efectuados, nun período non maior de 2 meses. De non recibirse nese prazo, o Comité Editorial dará por sentado que a persoa autora desistiu da súa intención de publicar na revista.
7. Non se manterá correspondencia sobre as causas da non aceptación dun artigo.